



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A SECRETARÍA XERAL DA EMIGRACIÓN E O CENTRO GALLEGO DE MONTEVIDEO PARA A ADAPTACIÓN DAS SÚAS INSTALACIÓNS Á NOVA NORMATIVA

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O secretario xeral da Emigración da Secretaría Xeral da Emigración, **DECLARA:**

Que esta Secretaría Xeral da Emigración ten previsto formalizar co Centro Gallego de Montevideo (Uruguai) o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o día seguinte ao da súa sinatura ata o 30 de outubro de 2016.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Establecer o marco da colaboración entre as entidades asinantes para a regularización da situación administrativa e adaptación das súas instalacións á nova normativa municipal do Centro Gallego de Montevideo, que faga posible que o centro continúe coa súa actividade en favor da colectividade galega de Montevideo. Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamentan no seguinte:

A República Oriental do Uruguai, que foi un dos países que máis emigrantes galegos recibiu e no que, hoxe en día, existe unha amplísima colonia de galegos e dos seus descendentes, está a sufrir unhas adversas e extremas circunstancias socio económicas, o que xera un constante deterioro do nivel de vida dos seus cidadáns que se fai máis preocupante nos sectores con menor capacidade de resposta nestas situacións, caso dos menores.

O Centro Gallego de Montevideo, fundado o 30 de agosto de 1879, é o centro en funcionamento máis antigo do mundo; constituíndose polo tanto nun centro histórico





para a galegitude. Esta institución destacou sempre polas súas actividades no terreo cultural desenvolvendo un amplo programa con ciclos de conferencias, obras teatrais, exposicións, concertos, cursos e festivais de danza. Anualmente organizan diversas actividades de carácter benéfico en apoio do Hogar Español de Ancianos e coordina diversos programas asistenciais a favor dos nenos descendentes de galegos, especialmente os máis desfavorecidos.

A sede social foi construída en 1923 e é un dos pazos máis fermosos de Montevideo no que se atopa o teatro Valle Inclán, a sala Rosalía de Castro, a biblioteca Concepción Arenal, a súa sala de lectura Castelao, un magnífico restaurante, varias salas de reunións, de xogos e de ensaios. No ano 1994 foi inaugurado o novo parque social e polideportivo na zona residencial de Carrasco que conta con importantes instalacións de recreo e deportivas dotadas de campos para a práctica deportiva, piscinas, zonas de recreo e edificio social.

No ano 2002 foi galardoado coa Medalla de Galicia de Prata e no 2003 co Premio Otero Pedraio. Neste ano o Ministerio de Educación y Cultura declarou Monumento Histórico ó centro, polo seu gran valor arquitectónico, o seu grado de conservación e por ser a institución galega mais antiga do mundo.

Recentemente, o Centro Galego de Montevideo foi obxecto de inspección por parte das autoridades locais, detectándose a necesidade de adaptación de certas instalacións con moitos anos de antigüidade á recente normativa de bombeiros e obras de evacuación de augas pluviais, permisos e obras que acadan a consideración de urxentes ante o anuncio de levantamento de actas de sanción.

Para regularizar a situación do centro e conseguir a habilitación que lle permita funcionar con normalidade e dentro da legalidade, resulta necesario proceder á elaboración e aprobación dos planos de adaptación a nova normativa de parte das instalacións e acometer as obras correspondentes. A entidade non pode asumir cos seus ingresos propios a totalidade do custo desta acción que, segundo o informe técnico administrativo solicitado pola entidade, suporá un total aproximado a 50.000 €.





A Secretaría Xeral da Emigración considera conveniente e necesario contribuír á regularización da situación administrativa e operativa das instalacións do Centro Gallego de Montevideo, que faga posible que o centro continúe coa súa actividade en favor da colectividade no exterior, sendo unha institución idónea para o outorgamento desta axuda de carácter singular e excepcional, que non se enmarca dentro dunha actuación xeneralizada de axudas para este tipo de actividades, baseándose no disposto no artigo 26.2.a) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, non sendo posible promover a concorrencia pública.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector público, aprobado por Real Decreto Legislativo 3/2011, do 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria en Santiago de Compostela a 8 de xuño de 2016.

